

Ola nen@s!! como estades, que tal estes días de calorciño, seguro que aproveitáchedes para saír á rúa a xogar moito e facer moito exercicio. Esperamos que vos estean gustando moito. Esta semana imos traballar un poquiño os desprazamentos, estades listos???? Pois a divertirse!!!!

XOGO 1: CANCIÓN



Imos comezar movendo o esqueleto....Seguro que coñeces estas canción, con ela imos comezar a traballar diferentes formas de desprazarnos, lembrade ir facendo o que nos di a canción mentres vos movedes.

<https://www.youtube.com/watch?v=mqQiHGy0Afw>

XOGO 2: CARREIRAS DE CANGAREXOS

Ímonos converter en cangarexos, e como facemos? Pois moi fácil, témonos que poñer a catro patas pero de costas. O xogo consiste en facer unha carreira andando coma os cangarexos. Seredes quen de gañar aos maiores?, veña ánimo!!!



XOGO 3: RELEVOS DE CANS


Esta vez converterémonos en canciños. Para facer este xogo sérvenos calquera obxecto, como por exemplo, un rolo de papel hixiénico, ou podemos elaborar o noso oso particular para empregar nos relevos.



O xogo consiste en transportar o noso oso dun sitio a outro, que previamente acordaremos coa persoa maior que estea xogando con nos. A dificultade está en que teremos que facelo a catro patas (cuadrupedia); cando cheguemos ao sitio onde nos está agardando o noso compañeiro de xogo debemos darlle o oso e el deberá facer o percorrido de volta.

Neste xogo podedes participar tantos como queirades, cantos mais sexades mais divertido.

XOGO 4: AS CULEBRILLAS



Esta vez practicaremos os desprazamentos reptando. Para iso, ímonos converter en culebrillas. Pedirémolle a unha persoa maior que nos marque un circuíto no chan, pode marcalo con cinta adhesiva ou con papel hixiénico.

As culebrillas deberán levar unha folla da árbore (pode ser un folio ou podedes pintar vos mesmos a vosa folla), dende o bosque, que será o comezo do circuíto, ata o niño, que será o punto de chegada. Lembra que nos bosques pode haber un pequeno río para cruzar ou incluso unha ponte para pasar por debaixo (para isto poderedes empregar unha cadeira). Veña nen@s, ánimo, a ver canto tempo vos leva construír o voso niño.

XOGO 5: RELAXACIÓN “YOGIC”

Como en outras semanas, podemos rematar facendo unha relaxación e traballando diferentes posturas a través do ioga. Nesta ocasión, imos voar nunha alfombra máxica con Fátima e o seu gato.....a ver que vos parece.

<https://www.youtube.com/watch?v=6dj-mFleKvk>



Esperamos que vos gusten as propostas desta semana. Lembra que cando saíades de paseo ou vaiades á praia, agora que xa podemos, tamén podedes practicar diferentes formas de andar polo espazo.

E xa sabedes, se vos apetece facer algunha cousa en especial ou contarnos algo, aquí tendes os nosos correos electrónicos. Un bico enorme pequerrech@s.

carla.morano@edu.xunta.es

carlostarrio80@gmail.com



Unha aperta grande dos profes de psico!!!!